

ZEUS E A SÚA DESCENDENCIA

Despois das vitorias de Zeus sobre os titáns e máis os xigantes, os deuses habitaban no cumio do Monte Olimpo, situado ao Norte de Grecia, en Tesalia. Só Hades, irmán de Zeus non vivía alí porque era o deus dos Infernos. Estabeleceuse unha nova orde: Zeus convértese no deus supremo que coa axuda de Temis, impón a orde.

Temis é a “lei da natureza”, filla de Xea e Urano, é “a do bo consello”. Foi ela a que construíu o oráculo de Delfos, e ela mesma era pitonisa. Con Zeus tivo relacións e delas naceron as tres Moiras/Parcas, deusas do destino. Cando alguén non fai caso de Temis, Némesis encárgase de que teña o seu xusto castigo.

Eurínome, unha oceánide, “a de amplo goberno” era filla de Océano e Tetis. Tamén é unha deusa antiga, incluso hai versións míticas que afirman que ela en forma de pomba puxo o ovo primordial, do que nace todo o demais. Con Zeus tivo ás tres Gracias, que en grego chámanse Chárites.

Mnemósine, filla de Xea e Urano, é unha titánide que personifica a memoria. Grazas a elas os poetas podían recitar e cantar as súas obras. Dise que Zeus se uniu a ela nove noites seguidas, e que desas unións, nun parto múltiple, naceron as Nove Musas das que falaremos cando estudemos a Apolo.

Zeus é o deus dos deuses, señor das tormentas. Como sabemos foi criado por unha ninfa/cabra, de nome Amaltea. Representase no seu trono, coma un rei, ou cos raios, e o seu animal é a aguia. Ademais dos amores que acabamos de referir, tivo outros moitos con deusas e mortais: para conseguir unirse a elas, ás veces transformábase. Estaba casado coa súa irmá Hera, sempre ciumenta polos amoríos deste. Imos repasar a súa descendencia.

- ✓ Unido a **Metis** nace unha deusa: **Atenea**. Cando Soubo que Metis estaba embarazada, enguliuna. Ao cabo do tempo sentía unhas enormes dores de cabeza. Hefesto, o deus ferreiro, fendeulle a cabeza e saíu Atenea, armada. Nesta deusa, que vai ser sempre virxe, atopamos unidos a un tempo os valores masculinos, coma o valor, e os femininos, coma a destreza no tear. Vai ser a deusa da guerra intelixente, da estratexia e da intelixencia. O seu animal é a curuxa, animal ao que se lle atribúe a intelixencia e que destaca, coma Atenea polos seus ollos.

Atenea vai loitar con Poseidón por ser a protectora da cidade que vai levar o seu nome, Atenas. Poseidón fixo brotar co seu tridente unha fonte de auga e Atenea unha oliveira. Os deuses decantáronse por ela. Tece moi ben e ensina á humanidade a arte de tecer. Houbo unha moza, chamada Aracne, que presumiu de tecer mellor ca ela pero Atenea desafiouna nunha competición; gañou Aracne, pero Atenea castigouna converténdoa en araña, destinándoa así a tecer sempre pero sen que ninguén apreciase as súas teas. Protexe sempre a Ulises/Odiseo, que posúe, como xa vimos unha grande intelixencia.

Os romanos identificárona cunha antiga deusa chamada Minerva.

- ✓ Coa súa irmá **Deméter** tivo a **Perséfone**/Proserpina. Vimos como Perséfone foi raptada por Hades, probou a froita nos Infernos (unha granada?) e non podía regresar á terra. Deméter caeu nunha profunda tristura e as terras xa non producía, os homes morrían de fame. Despois dun tempo, ten que intervir Zeus, quen, excepcionalmente, permite que Perséfone pase unha parte do ano co seu esposo e a outra coa súa nai: así explicaban o paso das estacións.
- ✓ Con **Dione** tivo, segundo algunhas versións a **Afrodita**, segundo outros foi a nai de Níobe. Dione debeu ser a deusa primixenia nalgún momento, filla da Terra e o Ceo, moito máis importante que Zeus; pero logo, coa chegada dos deuses masculinos, a súa figura queda desdebuxada, confúndese con Rea... En moitas inscricións é ela a esposa de Zeus en vez de Hera. Era venerada nun santuario en Dodona, onde os sacerdotes interpretaban os movementos das follas dos carballos para emitir oráculos ou predicións. Ao unirse a Zeus, o que se consegue é desprazar este culto antigo e substituílo polo dun deus masculino.
- ✓ Zeus uniuse á unha Pléiade, **Maia**, filla de Atlas, e tivo con ela a **Hermes**/Mercurio. Maia en Roma identificouse coa deusa da Primavera e de aí o nome do mes. Hermes medraba moi rápido e nos primeiros días da súa vida rouboulle o gando a Apolo. É o protector dos comerciantes e dos pastores, mensaxeiro dos deuses, da sorte e da habilidade. Tamén é o deus dos mortos, o que os acompaña deica á entrada do Inframundo. Inventou a lira coa cuncha dunha tartaruga, pero regaloulle a Apolo a cambio de quedar cos rabaños que lle roubara. Representase sempre novo e sorrinte; leva un gorro ou sombreiro propio dos viaxantes, unhas sandalias con ás e un caduceo: un cetro de ouro con dúas serpes enroscadas que ten na súa parte superior dúas ás.

Como era o deus dos camiños e das encrucilladas, os gregos levantaban pequenos monumentos ao deus para protexerse (lembren que non cruces dos camiños tamén se cruzan o mundo dos vivos cos dos mortos).

- ✓ Con **Hera** Zeus tivo a **Ares**, un deus odiado por todos, deuses e homes, por ser o deus violento que provoca as guerras. Tiña dous fillos: Deimos e Fobos, o espanto e o terror; con el ía sempre Eris, a discordia. Curiosamente foi vencido por todos os deuses que a el se enfrontaron, mesmo por algún mortal. En cambio en Roma pasou a ser un dos deuses máis importantes, pai dos xemelgos Rómulo e Remo, fundadores de Roma, o máis grande despois de Xúpiter/Zeus; o mes de marzo foi chamado así por el. Ares mantiña unha relación con Afrodita, esposa de Hefesto.
- ✓ Tamén con Hera din que tivo a **Hefesto**/Vulcano, aínda que hai autores, coma Homero, que o fan nacer só de Hera. Era o deus do lume industrial, o que utilizaba na súa fragua para crear xoias e armas. Os Cíclopes axudábano nesta tarefa. Era un deus feo e deforme, desleixado e coxo (din que quedou coxo porque a súa nai, cando o viu, guindouno do Olimpo e rompeu as pernas).

Porén, era sabio e competente: todos acudían a el cando precisaban xoias ou ferramentas, armas...

Os romanos identificárono con Vulcano, un deus destrutor. Cando viron o que pasara co Vesubio, como non tiñan nome para nomear este fenómeno, chamáronlle “volcán”. Represéntase cunha túnica sen mangas, cun martelo e unhas tenzas.

En Atenas conservamos moi ben un gran templo na ágora consagrado a el. Casárono con Afrodita, pero esta deusa non o amou nunca e foille sempre infiel.

- ✓ Zeus tivo con **Leto/Latona**, outra deusa antiga, filla de titáns, a **Apolo** e **Ártemis**, Diana para os romanos, dous xemelgos. Primeiro Zeus tentou seducir a Ortigia, que logrou escapar e foi convertida en illa. Cando Zeus seduce a Leto, Hera, fai que Ilitía, a deusa dos partos non axude a Leto e mandou a Pitón para que a matase. Ninguén quere acoller nas súas terras a Leto, que padecía inutilmente as dores dos partos; só a súa irmá a acolleu e nesa illa naceron finalmente Ártemis e Apolo, deus da luz. Desde entón esa pequena illa deserta pasou a chamarse Delos, a brillante. A serpe Pitón, filla da Terra, perseguía a Leto para matala cando estaba embarazada, pero non o conseguiu. Logo, Apolo matará esta serpe.

Apolo pronto se identifica e se confunde con outro deus, Helios, o sol. É o deus da música, fermosísimo, dos oráculos; era especialmente venerado en Delfos, lugar onde a pitonisa emitía confusas palabras estando en trance, palabras que logo eran interpretadas polos sacerdotes.

Apolo identifícase co loureiro, Dafne, unha ninfa a quen perseguiu sen tregua sen conseguila, xa que os deuses escoitaron as súas súplicas e convertérona en loureiro, “dafne”. O premio para os vencedores nas competicións dos xogos píticos que se celebraban en Delfos era unha coroa de loureiro.

A pesares de ser un deus moi fermoso, pois representa o ideal masculino, non tivo sorte coas mulleres ás que pretendeu; ademais de Dafne, tampouco Casandra se dobregou ante Apolo, que para seducila déralle o don da profecía; como castigo Apolo fixo que nunca ninguén crese nas súas profecías.

Tivo máis sorte con Xacinto, un mozo fermosísimo e inseparable de Apolo, pero tamén esta historia de amor rematou traxicamente: xogando a lanzar o disco, Apolo matou a Xacinto sen querer. O mozo foi convertido nunha fermosa flor.

Dise que tamén Cipáriso, o ciprés, foi amante de Apolo, convertido en ciprés, a árbore da tristura, pero esa historia xa a coñecedes. Como deus da luz solar ás veces represéntase cun resplandor que sae da súa cabeza, sempre cunha lira, por ser deus da música. Tamén foi o deus da medicina.

Oponse sempre a Dioniso, o deus do desenfreno, de todo que hai de instinto primario e animal dentro do home, fronte a Apolo que representa o equilibrio. Como é o deus das artes pronto se representou rodeado das tres grazas e das nove musas. Igual que a súa irmá, dispara frechas que moitas veces levan consigo as pestes.

En canto a Ártemis/Artemisa/Diana, é a luz pura e fría da lúa, solitaria, dedicada á caza coas súas frechas. Foi unha deusa virxe e tiña un séquito de ninfas ás que esixía tamén a súa pureza. Representábase coas frechas, un cervo ou unha lúa crecente.

En realidade Ártemis é o resultado da fusión de varias divindades. A ela sacrificábanse cabras, pero o seu animal é o cervo e vai case sempre acompañada dun can. Como deusa da caza non permitía que se matase a animais novos, porque lle estaban consagrados. A ela ofrendaban as rapazas xoguetes e outros obxectos antes da voda.

- ✓ Tamén encirrou os seus cans contra a ninfa **Calisto**, que significa “a máis fermosa”, cando descubriu, mentres se bañaban, que estaba encinta: esta ninfa foi amada por Zeus, que, para vencer a súa negativa, seduciuna tomando a figura da deusa Ártemis. Calisto consegue sobrevivir e dar a luz a un neno, Arcas. Cando a deusa o descubriu (outros din que foi Hera), transformou a Calisto nunha Osa que tivo que escapar do seu fillo, xa adolescente. Finalmente topáronse un día e o fillo matou a osa sen saber que era a súa nai.

Entre as vítimas de Ártemis estivo Orión a quen matou cun alacrán (escorpión).

Outra das vítimas de Ártemis foi Acteón. Ártemis, despois dun día de caza tomaba un baño. As deusas era moi celosas da súa intimidade e non permitían que ningún mortal as vise espidas. Acteón, da casa real de Tebas, educado polo centauro Quirón e amante da caza, sorprendeu a escena do baño, pero non se afastou, senón que quedou extasiado ante tanta beleza. A deusa ao sentirse observada, converteu a Acteón en cervo que foi perseguido e matado polos seus propios cans.

Para calmar a súa ira, Agamenón, xefe dos aqueos, cando ían camiño de Troia, tivo que sacrificar a súa filla Ifigenia, pois Agamenón matara unha cerva e fachendoso vanagloriouse de telo feito mellor cá propia Ártemis. A deusa mandou unha bonanza interminable, de xeito que as naves aqueas non podían navegar cara a Troia. Consultados os oráculos, a deusa determinou que Ifigenia debía morrer. O seu pai, Agamenón, fíxoa vir co pretexto de casar con Aquiles.

Estes dous fillos de Leto, Apolo e Ártemis, tamén van vingar o orgullo desafiante de **Níobe**, raíña de Tebas, que presumía de ter sete fillos e sete fillas, e non só dous coma Leto. Os xemelgos mataron diante de Níobe a todos os seus fillos coas súas frechas. Níobe choraba sen tregua e era tanta a súa dor, que os deuses compadecéronse dela converténdoa nunha rocha da que mana un río.

- ✓ **Zeus** encaprichouse de **Sémele**, e dela vai ter un fillo que será un deus: **Dioniso**. Zeus baixou á terra disfrazado de humano, pero ela rexeitouno ao principio, pero cando lle dixo que era, accedeu. Hera, disfrazada de escrava de Sémele elaborou un plan para desfacerse dela: o home que tiña relacións con ela non podía ser Zeus, e se o era, que lle xurara acceder a calquera desexo de Sémele. Logo convenceuna para que o seu amante se presentase ante ela como de verdade sería, con todo o seu poder, co seu máximo esplendor. Así o fixo Zeus e ao contemplalo con todo o seu poder, quedou fulminada polos lóstregos. Cóntase que entón Zeus salvou o fillo que levaba dentro Sémele e que o levou nunha coxa deica o seu nacemento. Despois, deixouno coas musas. Co tempo, Dioniso baixou ao Hades e rescatou a súa nai Sémele.

Dioniso é o deus de todos os instintos animais que temos os seres humanos: deus da orxía e desenfreo; é o deus do viño, que fai que se liberen eses instintos e tamén da vexetación. Infunde aos seus seguidores, silenos, sátiros, ménades e ninfas, un furor que lles dá unha forza extraordinaria. É o deus da festa e da loucura, da exaltación e do desorde. É un deus aliado dos escravos e as mulleres. Tamén é o deus do teatro.

Custoulle ser aceptado polos gregos, e tamén no Olimpo: din que Hestia lle cedeu o seu posto alí. Non aparece mencionado nunca nos antigos poemas homéricos (Ilíada e Odisea). Normalmente represéntase cunha coroa de hedra ou de vide, con pel de cabra ou de pantera. Vai nun carro tirado por leopardos cun gran cortexo.

A lenda conta que, cando Ariadna foi abandonada en Naxos por Teseo, despois de matar o Minotauro, Dioniso/Baco fíxo a súa compañeira inseparable.

Houbo un culto público (cívico) moi importante a este deus, e foi precisamente a partir destas festas cando se vai creando o teatro. pero tamén había un culto privado: as bacanais. Nel participaban sobre todo mulleres, celebrábase nos bosques ás aforas das cidades e durante a festa as mulleres entraban nunha especie de éxtase o estado de total loucura. Non sabemos case nada destas celebracións, pois eran cultos mistéricos: só para os iniciados. Cóntannos como Penteo, un rei que prohibiu estas celebracións e que non admitía o culto a este deus, disfrazouse de muller para asistir a unha destas celebracións, pero as mulleres, no delirio da celebración, matárono e esnaquizárono, entre elas estaba a nai de Penteo. Foi o castigo do deus.

- ✓ Zeus con **Afrodita** tivo a **Priapo**. Cando Hera soubo que Afrodita ía ter un fillo de Zeus, golpeou cun pau o seu ventre. Naceu Priapo deforme e cun enorme membro sexual (falo). A súa nai abandonouno no bosque nada máis nacer e foi criado por uns pastores. En Roma era moi venerado e as súas estatuas presidían moitos xardíns. Outras versións din que o seu pai non foi Zeus, senón Dioniso.

- ✓ **Ío** era unha sacerdotisa de Hera. Zeus namórase dela e ela entrégase. Pero Hera decátase da relación que teñen e decide vixialos sen tregua. Zeus, para salvar á rapaza converteuna nunha tenreira branca, pero Hera, que seguía sospeitando, esixe que lla entregue e por a Argos, que tiña cen ollos e non durmía nunca a vixiala. Zeus envía a Hermes para que a rescate, e despois de cantar longas e fermosas cancións, consegue que Argos cerre todos os seus ollos e durma. Argos morre a mans de Hermes e Hera, agradecida a Argos, puxo os cen ollos na cola do pavón, que é o seu animal. Pero as penas de Ío non remataron pois Hera atoulle aos cornos un tabán que a pica sen parar. Ío corría e corría enlouquecida. Chegou por fin a Exipto, e grazas ás caricias de Zeus, recobrou o seu corpo de muller. Alí naceu o seu fillo Épafo, nas ribeiras do Nilo.
- ✓ **Europa**, “a de amplo rostro”, unha princesa fenicia, foi obxecto do desexo de Zeus: mentres recollía flores onda unha praia. Zeus transformouse en touro. Ela aloumiñou as súas costas, e como viu que era manso, subiu enriba del. Foi entón cando o touro se adentrou no mar e levouna no seu lombo deica a illa de Creta. Alí tivo tres fillos de Zeus: Minos, Sarpedón e Radamantis. Minos converterase logo nun famoso rei de Creta e será o pai de Ariadna e padraστο do monstro “Minotauro”, a quen matará Teseo coa axuda de Ariadna.
- ✓ **Dánae**, era filla do rei Acrisio quen consultado o oráculo decidiu encerrar á súa filla nunha cela de bronce para que non se cumprira a profecía de que o neno nacido de Dánae daríalle a morte. Pero Zeus, tomando a forma de chuvia de ouro, coouse entre as fendas e fecundou a Dánae, por que devecía. Dánae tivo un fillo, Perseo. Acrisio, enfadado pero sen atreverse a matalos por non provocar a ira dos deuses, mandou que foran metidos dentro dun caixón e que os tirasen ao mar. O mar foi calmado por Poseidón a petición de Zeus e ambos os dous salváronse. Perseo e Dánae foron acollidos por un pescador de Sérifos e alí medrou feliz Perseo. Perseo, un dos heroes máis famosos, tivo que rescatar a Andrómeda e matar a Medusa, unha das tres Gorgonas, a única mortal, pero cunha mirada que convertía a quen a mirase en pedra, e coa cabeza chea de serpes. Consequino grazas a axuda de Atenea, a quen lle deu a cabeza da Medusa; a deusa colocouna segundo uns na súa coiraza, segundo outros no seu escudo. Xa famoso, Perseo participou nos xogos que se celebraban no Itsmo de Corinto, presididos polo se avó Acrisio. Alí Perseo lanzou o disco, que se desviou da súa traxectoria dando morte a Acrisio. Cumpriuse así a profecía.
- ✓ **Antíope** era tan fermosa que Zeus non puido resistirse. Para seducila, esta vez Zeus tomou a forma de sátiro (medio home, medio cabra). Antíope tivo que fuxir da ira do seu pai que non creía que fose Zeus quen a deixara embarazada. Foi transformada nunha ave por Zeus e despois de moitas penurias deu a luz a dous fillos: Zeto e Anfión. Tivo unha vida chea de desgrazas. Cando Odiseo baixa ao Hades, é unha das ánimas coas que consegue falar.
- ✓ **Leda** era a esposa do rei Tindáreo de Esparta. Cando paseaba nas ribeiras do río Eurotas viu que un cisne estaba sendo perseguido por unha aguia. Sen desconfiar, protexeu o cisne, e este, que non era outro senón Zeus, seduciuna.

Esa mesma noite tamén xaceu co seu esposo, Tindáreo. Dise que Leda puxo dous ovos dos que naceron catro fillos: Helena e Pólux, fillos de Zeus, e Clitemnestra e Cástor, fillos do rei. Helena será famosa por ser a muller máis fermosa do mundo, casada con Menelao e raptada por Paris, fillo do rei de Troia. O seu rescate deu orixe á Guerra de Troia. Clitemnestra será a esposa de Agamenón, rei que capitaneará os exércitos helenos contra Troia.

- ✓ **Alcmena** era a esposa de Anfitrión e neta de Perseo. Unha noite, Zeus tomou a aparencia de Anfitrión e deitouse con Alcmena, facendo que ademais esa noite durase o triplo. Cando estaba embarazada, Hera tratou de impedir que nacesse o seu fillo, pero os seus plans víronse frustrados pola escrava de Alcmena “Galantis”. Hera, enfadada, transformouna en donicela. De Alcmena e Zeus nace un neno excepcionalmente forte e moi famoso: o heroe Heracles, ou Hércules. Aínda no berce, Hera mandou dúas grandes serpes que asustaron os seus irmáns, pero Hércules esganounas sen ningún problema. Foi o inicio dunha vida chea de aventuras. Cando estaba a punto de morrer foi elevado ao Olimpo, e polo tanto, inmortalizado. Pero as aventuras e traballos de Hércules ou Heracles merecen un estudo á parte.
- ✓ Finalmente, faremos referencia a **Ganímedes**, un mozo troiano moi fermoso que pasaba un tempo apartado da corte e apacentando o gando. Cando o viu Zeus, raptouno transformado nunha aguia e levouno canda el para o Olimpo, onde exerceu sempre de camareiro persoal de Zeus e amante fiel e onde gozou da consideración de todos os deuses, agás de Hera, claro está. Din que por iso Hera, odiaba tanto os troianos.